

Ó PADRE SARMIENTO

Vilafranca do Bierzo foi o berce
daquel Pedro José, pero a substancia
está na Pontevedra azul da infancia
onde a nai é fogueira e alicerce.

Salamanca, León, Madrid, Oviedo,
celas de albo ascetismo e de constancia,
souberon das lucenzas e fragancia
do almo frade do Lérez tan inqueda.

Non houbo abandeirado máis preclaro,
nin Marcos da Portela máis preciso,
nin vate da foresta máis puxante.

Copleiro fiel da matria nosa e faro,
non sei se se achará no paraíso
adaíl da linguaxe máis amante.

X. C. Gómez Alfaro